



O Concello de Begonte, organiza o V Concurso de Disfraces, co motivo da celebración da Festa do Entroido 2016, que terá lugar o vindeiro 13 de febreiro de 2016 no pavillón de Baamonde; as condicións detállanse a continuación:

“BASES DO V CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS”

1ª PARTICIPANTES

O concurso está dirixido a tódolos públicos. No desfile só se poderá participar nunha modalidade, no caso de incumprimento quedará descalificado.

Queda prohibida a utilización no concurso de elementos cortantes, fachas ou obxectos con lume e calquera artigo de pirotecnia.

2ª CATEGORÍAS

Disfrace individual/parella. Será exclusivamente de carácter individual ou de parella, non permitindo en ningún caso máis de dous participantes.

Comparsas. Estarán encadradas nesta categoría os grupos formados por cinco ou máis compoñentes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si.

3ª LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN

A inscrición realizarase nas oficinas do Concello de Begonte, de 9.00 a 14.00h, ou enviando o formulario da inscrición que se adxunta coas bases ao seguinte correo: inscricions@concellodebegonte.es. No caso das comparsas, nomearán a un representante para actuación perante o Concello.

As persoas que non presenten a inscrición, poderán participar no desfile, pero terán unha penalización de menos 3 puntos.

O prazo de presentación da inscricións rematará o xoves 11 de febreiro do 2016 as 14.00h

4ª MÉCANICA DO CONCURSO

O concurso terá lugar o sábado 13 de Febreiro do 2016 no interior do Pavillón Municipal de Baamonde.

De 16.30h a 16.50h na entrada interior do Pavillón, farase entrega dun distintivo cun número , que se deberá levar durante todo o desfile, nun lugar ben visible.



O tempo no desfile será **limitado**, non podendo exceder **de 5-6 minutos** a actuación. É obrigatorio facilitar a música en CD ou pendriver no intre da recollida do distintivo.

Ás 17.00h comezará o desfile na seguinte orde:

1. Disfraces individual /parella.
2. Comparsas

5ª XURADO

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os disfraces e comparsas premiadas será proposto pola Alcaldía ou de en quen ésta delegue, estando este composto polo menos por 3 persoas.

O xurado á hora de valorar terá en conta os seguintes criterios :

- Elaboración propia e artesanal. (de 1 a 4 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados con menos 4 puntos.
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces.(de 1 a 2 puntos).
- Nº de compoñentes do grupo e variedade na idade dos mesmos.(de 1 a 2 puntos)
- A posta en escena.(de 1 a 2 puntos) .Aquelas actuacións que excedan os 5 - 6 minutos,serán penalizados con menos 2 puntos.

O xurado, constituído ao efecto, elixirá catro gañadores para cada categoría.

Así mesmo o xurado concederá un premio especial a mellor comparsa do Concello de Begonte de 150€. Este premio será compatible con outro premio se o xurado así o considera oportuno.

O Xurado poderá conceder algún accésit ou deixar calquera dos premios desertos.

O fallo do xurado será inapelable, unha vez fallado o concurso farase público entre as 18.00-19.00h no Pavillón de Baamonde.



6ª PREMIOS

Establecen os seguintes premios:

	INDIVIDUAL/PARELLA	COMPARSAS
1º PREMIO	100€	500€
2º PREMIO	80 €	300€
3º PREMIO	60 €	200€
4º PREMIO	40€	100€

PREMIO ESPECIAL DE 150 € A MELLOR COMPARSA DE BEGONTE

Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio. Para facer efectivo este premio, deberán presentar os vales entre os días 16 de Febreiro do 2016 e o 4 de marzo de 2016, nas oficinas do Concello; acompañado do DNI e certificación do nº da conta bancaria, na que posteriormente se efectuará o correspondente pago.

7ª ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

Begonte, 11 de Xaneiro do 2016.